

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: Venres 29 de setembro de 2023.

HORARIO: 17.00-20.00 h.

LUGAR: rúa Dublín nº 6 Santiago de Compostela.

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:

- Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)
- Ana María Vilar Varela (Vicepresidencia.
- Antonio Doval Canabal (Tesouraría)
- Cristina Díaz Mira (Vogal)
- Laura Zapata Criado (Vogal)
- María Elena Gómez Fernández (Vogal)
- María Isabel Fernández Lema (Vogal)
- David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES:

- Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría)
- María Rosario Capelo Casas (Vogal) (delega voto en María Elena Gómez)
- Pablo (delega voto en Cristina Díaz).



Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 32672820D
o día 07/11/23 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios

1. Aprobar se procede a acta da Reunión Ordinaria 15 de setembro de 2023

Non se aproba a acta, pendente de modificacións.

2. Toma de posesión de María Isabel Fernandez Lema como vogal da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno do COTSG formaliza a toma de posesión de María Isabel Fernandez Lema, derivada do seu nomeamento como vogal do COTSG

3. Presentación da nova delegada de Protección de Datos.

Presentación ante a Xunta de Goberno da nova delegada de Protección de Datos Cecilia Barros Díaz, que explica o traballo desenvolvido nestes primeiros meses. Acordase facer a documentación en galego, con copia en castelán.

A Xunta de Goberno escolle a Antonio Doval como responsables en protección de datos, sendo suplente Elena Gómez, e como responsable do persoal técnico a David Gontán,

4. Certificado dixital

Acordase recoller información entre os/as colexiados/as e facer propostas para a reunión que se solicitou coa Xunta de Galicia para tratar a problemática que representa o uso do certificado dixital persoal para facer tramitacións profesionais.

5. Certificados de vulnerabilidade para as entidades bancarias.

Os servizos sociais comunitarios veñen informando o COTSG da petición de certificados de vulnerabilidade por parte de entidades bancarias.

A Xunta de Goberno en relación a este punto, fará unha publicación explicativa que se publicará en novas no MATIASS.

6. Protocolo para as altas no MATIASS

Acordase adiar o punto.

7. Planificación do MATIASS.

A técnico do programa ANA FUNGUEIRIÑO presenta un documento de planificación anual.

Acordase que ANA FUNGUEIRIÑO como persoa que xestiona o MATIASS faga unha proposta para facer xuntanzas periódicas cos profesionais de servizos sociais comunitarios.

8. Persoal técnico.

A solicitude de teletraballo de Ignacio Igrexas queda aprobada.

9. Presidencia.

Posponse adiar o punto para facer unha reorganización de tarefas dos membros da Xunta de Goberno.

10. Convenios do COTSG.

Queda o punto adiado para a seguinte Xunta de Goberno.

11. Escrito da traballadora social 1586.

Recibido o escrito para informar sobre un caso de mala praxe profesional. Acordase que rexistre a reclamación no formulario e se leve a Comisión Deontolóxica.

12. Solicitude de baixa da colexiada 1635

Recibidas as funcións do posto do posto de traballo, acordase consultar coa asesoría xurídica se procede a baixa, e informar a interesada.

13. Escrito de apoio a Cristina Díaz.

Acordase adiar o punto, ata nova proposta para aprobación en Xunta de Goberno.

14. Recurso as bases do Concello de A Coruña.

Informase a Xunta de Goberno sobre a resolución da sentenza 00091/2023, en relación ás bases da convocatoria de prazas do Concello de A Coruña .

15. Reorganización do programa de formación.

Acordase adiar o punto para a seguinte Xunta de Goberno.

16. Xornadas O Modelo do sistema publico de servizos sociais dende o Traballo Social.

Informase dos agasallos que se entregarán aos participantes nas xornadas.

17. Rogos e preguntas

- Acordase que David Gontán asista ao foro-debate ACCESO VITAL EN GALICIA: POBREZA E INGRESOS- NINGUÉN SEN O MÍNIMO do 19 de outubro do 2023.
- A reclamación achegada por unha colexiada sobre un caso de mala praxe, contactarase coa interesada para que rexistre en formulario e avaliar en Comisión Deontolóxica.
- Acordase que David Gontán asista a xuntanza coa empresa Indaga en relación ao proxecto de investigación.

ALTAS E BAIXAS

ALTAS

2800
4451
4452
2399
4453
4454
4455
4456
4457

BAIXAS

4318 Desemprego

BAIXAS EN TRAMITE

4116 Traballa no Colex. O. de farmacia
1223
3525 Traballando no GC 02. COESCO DEZA

Total de colexiados/as: **3353**

Visto e prace:

A Presidenta

O Secretario Accidental

Asdo: Miriam Rodríguez Sierra

Asdo: Antonio Doval Canalbal